

## Tetras atlánticas

# Paisaxes literarias

A mellor literatura de viaxes, recuperada recentemente pola Asociación de Escritores en Lingua Galega

ARMANDO REQUEIXO




Se un bota a vista atrás e pensa na oferta literaria galega existente hai vinte e cinco ou trinta anos e a compara coa actual decatarase de ata que punto as nosas letras teñen percorrido un camiño ascendente. Son moitos os eidos que houbo que anovar, os subxéneros, estilos e temáticas que se foron incorporando á escrita no noso idioma dos que antes ninguén se ocupara.

A literatura de viaxes é un deses espazos nos que, moi devagar, foi xerándose unha importante bibliografía que hoxe conta con títulos xa referenciais.

Os libros de viaxe téñense nutrido en moitas ocasións diso que deu en se chamar literatura do eu, pois moi frecuentemente adoptan a fórmula de diarios ou dietarios de viaxes e, como tal, os seus autores proxectan neles a súa visión literaturizada da realidade circundante, recreando paisaxes e paisaxes, nunha escrita etnopaisaxista que é tamén, dalgunha maneira, un tanteo nese labirinto do eu do que falaba Rico, pero espellado na contorna vivenciada.

**Obras** > Froito dese afán por comunicar retratos de lugar dende a óptica do creativo xurdiron libros como "Galicia" (1994) ou "A pegada das viaxes" (2000), de Francisco Fernández del Riego; "Imán Fisterra" (1995), de Luís Rei Núñez; "Os outros días, os días de viaxe" (1996), de Alfredo Conde;



ou "La Habana Flash" (1998), de Xavier Alcalá, por poñer só uns cantos exemplos significados.

Ora ben, a meu ver, a máis ambiciosa aposta nesta dirección débese á editorial viguesa A Nosa Terra, quen en 1999 creou unha serie dedicada monograficamente á publicación de títulos deste xorxe: a Colección As Viaxes. Nela apareceron, en apenas tres anos, media ducia de títulos nos que destacados narradores galegos


ofrecían un particular roteiro de autor de xeografías que lles eran propias por nacemento, vivencia, querenza ou por varias delas a un tempo.

Pois ben, algúns daqueles títulos entón publicados (por certo, nunha moi coidada edición hoxe xa pouco accesible) xunto algún outro novo teñen sido reeditados recentemente pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, quen ofrece estes volumes co patrocinio

da Xunta de Galicia e a coedición de A Nosa Terra nunha nova colección que agora leva por nome "Viaxes Literarias".

De momento son catro os libros nela aparecidos: "Terras de Compostela", de Marilar Aleixandre; "Terra de Iria", de Anxo Angueira; "Baixo Miño", de Marta Dacosta e mais "A Terra do Medio", de Xosé Vázquez Pintor. Catro títulos que supoñen unha inmillorable guía para percorrer

VIAXES LITERARIAS



A TERRA DO MEDIO

Xosé Vázquez Pintor

XUNTA DE GALICIA

outras tantas bisbarras de Galicia e que, sen deixar de anotar visitas turisticamente pertinentes, axudan ao lector a descubrir esoutros lugares menos típicos e tópicos e, sobre todo, agasallan a quen percorre estas páxinas con reveladores itinerarios que o son, a un tempo, do corazón teluricamente enraizado e da mochila viaxeira.

Como non podía ser doutra maneira, pois son obra de creadores de moi diverxente natureza, os resultados e as visións son tamén perfectamente diversos, o que, lonxe de ser unha pexa, engade atractivo a uns textos ben complementarios no estilístico e aínda no estrutural, que se enriqueceron en todos os casos con suxestivos imaxes dos territorios explorados.

Unha Galicia diferente agarda tras as liñas de Aleixandre, Angueira, Dacosta e Vázquez Pintor. Unha terra para ver cos ollos do corpo e, o que é máis importante, cos do espírito, con esa ollada que só os mellores escritores saben deitar sobre a paisaxe.

armandorequeixo@hotmail.com

## OFERTA FORMATIVA de la Escuela de Hostelería Aivaró Cunquero

### Cursos para trabajadores del sector

- Cata de Vinos
- Coctelería
- Maltre
- Pintros
- Atención al cliente
- Repostería
- Relaciones Públicas y Protocolo
- Cocina y conservación al vacío
- Nitrógeno líquido en la cocina
- Aplicaciones de gestión de compras y ventas

### Cursos privados

- Los sábados, en horario de mañana:
- REPOSTERÍA (20 horas)
  - COCINA EN GENERAL (40 horas)
  - COCINA PARA CELIACOS (20 horas)

Información e inscricións:  
**981.173.256**

### CURSOS MONOGRAFICOS DE COCINA: Para ti o para regular

**ESPECIAL HUEVOS**  
Cambia tu huevo frito por algo más sabroso  
De 19,30 a 22,00  
PRECIO: 40€

**MENU LIGHT**  
Deliciosos platos bajos en calorías  
De 19,30 a 22,00  
PRECIO: 30€

**MENU PARA PADRES EN ANIMOS**  
Recetas fáciles con Vegetales y pescado  
De 19,30 a 22,00  
PRECIO: 30€

**MENU PARA EL TAPPER**  
Llévete la comida al trabajo  
De 19,30 a 22,00  
PRECIO: 40€

**DULCES**  
Un buen postre para terminar  
De 19,30 a 22,00  
PRECIO: 40€

**PEQUEÑOS CHEFS**  
Para que los pequeños disfruten cocinando  
Sábados  
De 10,00 a 13,30  
PRECIO: 30€

**CURSO PRACTICO DE CORTES**  
Maneja el cuchillo como un profesional  
De 19,30 a 22,00  
PRECIO: 30€

**ESPECIAL**  
Nunca ha sido tan fácil cocinar  
De 19,30 a 22,00  
PRECIO: 30€